

FICHAS DE INVESTIGACIÓN - ISSGA

Enfermedades profesionales no sector agrario



Edición:

Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga)
Xunta de Galicia

Coordinación:

M.^a Paz Eyre Vázquez
Myriam Garabito Cociña

Autoría:

M.^a Paz Eyre Vázquez
Myriam Garabito Cociña
M.^a Nieves Lorenzo Espeso
Manuel Gil Fernández
M.^a Teresa Pérez Blanco
Juan Manuel Rodríguez Lorenzo
Arturo Salgueiro González
Silvia Bacaicoa Ripa
María García Díaz

Impresión: CuatroCero SL

Depósito legal: C 1523-2014

Santiago de Compostela, 2014

INTRODUCCIÓN

O Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga) é o órgano técnico encargado da xestión e coordinación das políticas de prevención de riscos laborais en Galicia e desenvolve as súas funcións de acordo coa Lei 14/2007, do 30 de outubro, que o crea e regula.

Entre as súas funcións está a de analizar, investigar e avaliar as causas e os factores determinantes dos riscos laborais, dos accidentes de traballo e das enfermidades profesionais establecendo un carácter sectorial e territorial; abordar o seu estudo preventivo e propor, de ser o caso, medidas correctoras.

O Plan estratéxico de prevención de riscos laborais 2011-2014, no seu sexto obxectivo, destaca a importancia que ten a tarefa de investigación das enfermidades profesionais, pero ademais define como liña de actuación a posterior análise desa información e detalla que se deben difundir os resultados e as conclusións destes informes.

En cumprimento das directrices de traballo definidas por este plan estratéxico, faise necesario desenvolver ferramentas divulgativas e de fácil interpretación, polo que o Issga presenta en forma de colección as **Fichas de investigación** de enfermidades profesionais.

Seleccionáronse aquelas enfermidades profesionais máis representativas pola súa frecuencia e, a partir da investigación que realizaron os técnicos do Issga, sintetizouse a información máis relevante en catro epígrafes: a descrición da actividade, da enfermidade profesional, das súas causas e das accións correctoras e medidas preventivas que se deben adoptar. Os textos orixinais foron adaptados co obxecto de cumprir a súa finalidade didáctica.

As fichas están numeradas segundo se van publicando e clasifícanse polo código da enfermidade profesional que recolle o Real decreto 1299/2006, polo que se aproba o cadro de enfermidades profesionais na Seguridade Social. O Issga irá actualizando e incluíndo no futuro novas fichas.

O obxecto é informar sobre as medidas preventivas que evitarían as enfermidades profesionais e que se poden aplicar en postos de traballo similares.

ÍNDICE

GRUPO DA ENFERMIDADE PROFESIONAL SEGUNDO A CAUSA	CÓDIGO EP	DESCRIPCIÓN DA ENFERMIDADE	N.º DE FICHA
Grupo 1. Axentes químicos	1S0104	Dermatite irritativa de contacto polo uso do herbicida glufosinato amónico no cultivo de millo	1
	1S0104	Intoxicación crónica pola exposición ao insecticida dimetoato e clorpirifós en invernadoiros	2
Grupo 2. Axentes físicos	2A0108	Xordeira provocada polo ruído nunha explotación forestal	3
	2B0201	Enfermidade de Kienböck no pulso nos labores silvícolas	4
	2C0101	Bursite crónica do xeonllo dereito no cultivo de viñedos	5
	2D0101	Tendinite crónica do manguito dos rotadores do ombreiro dereito no uso de maquinaria agrícola	6
	2D0201	Epicondilita lateral do cóbado dereito no corte e rachado de leña	7
	2D0301	Tendinite do abdutor longo e extensor curto do polgar (T. De Quervain) no cultivo industrial de cogomelos	8
	2F0201	Síndrome do tunel carpiano no pulso dereito na poda das vides	9
	2F0401	Síndrome de compresión do nervio ciático poplíteo externo no xeonllo dereito nas tarefas do invernadoiro	10
Grupo 3. Axentes biolóxicos	3B0102	Erisipeloide de Rosenbach transmitida pola manipulación dos porcos coa erisipelose coñecida como "Mal vermello"	11
	3B0102	Febre Q transmitida pola manipulación do gando infectado coa bacteria <i>Coxiella burnetii</i>	12
	3B0102	Enfermidade de Lyme adquirida durante o coidado do gando	13
	3D0104	Micose superficial nas mans por fungos nos labores de cultivo do millo	14
Grupo 4. Enfermidades por inhalación de substancias e axentes non comprendidos noutras epígrafes	4H0213	Asma por epitelio de vaca nas tarefas dunha explotación de gando bovino	15
	4H0313	Pulmón do granxeiro nas tarefas dunha explotación de gando bovino	16
Grupo 5. Enfermidades da pel causadas por substancias e axentes non comprendidas nalgunha das outras epígrafes	5B0112	Dermatite alérxica de contacto polas lactonas no cultivo de plantas ornamentais en invernadoiros	17
	5B0112	Urticaria por contacto cos pelos da procesionaria no corte de piñeiros	18
	5B0113	Reacción alérxica ao veneno das abellas nas tarefas dunha explotación apícola	19
Grupo 6. Axentes cancerixenos	—	—	—

Fotografías:

Ficha 1. Mans. www.dermatoweb.net

Ficha 4. Radiografía. www.fundacionmapfre.org

Ficha 7. Fendedora. www.tmcancela.com

Ficha 8. Cultivo. www.serida.org

Ficha 11. Man. Dra. Enriqueta Jiménez Cuadra

Ficha 12. Parto. Banco de Imágenes y Sonidos del INTEF, Ministerio de Educación

Ficha 14. Man. www.dermatoweb.net

1S0104 - Enfermidade na aplicación directa de praguicidas que conteñen organofosforados

Dermatite irritativa de contacto polo uso do herbicida glufosinato amónico no cultivo de millo

01

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Explotación agrogandeira que cultiva millo forraxeiro para ensilar.

As principais tarefas son:

- Preparar a terra.
- Fertilizar e sementar.
- Preparar, mesturar e aplicar fitosanitarios (herbicidas e insecticidas principalmente) para erradicar as pragas e controlar o crecemento das malas herbas.
- Recolectar, ensilar e transportar.



DESCRICIÓN DA ENFERMIDADE PROFESIONAL

Despois da plantación na primavera, a traballadora dedicou unhas xornadas a aplicar herbicida contra as malas herbas. O herbicida é unha solución de glufosinato amónico que, segundo a ficha de seguridade do produto (FDS), contén a frase de perigo para a saúde humana H315 (R38), indicativa de que irrita a pel. O produto tamén é perigoso para os ollos, os pulmóns etc.

A traballadora non dispón da FDS deste herbicida, descoñece os efectos que provoca, as normas para a súa manipulación, a protección individual que debe usar e as medidas de hixiene persoal despois da utilización. Durante a mestura e a aplicación, non emprega luvas nin roupa de traballo apropiada para os axentes químicos, unicamente utiliza botas de auga e unha funda de algodón. Despois da aplicación, nota unha zona avermellada, ardor nas mans e nos antebrazos e, máis tarde, presenta fendas dolorosas nas palmas e nos dedos. Finalmente, diagnósticaselle unha dermatite irritativa de contacto.

A dermatite irritativa de contacto é una enfermidade profesional causada por axentes químicos, recollida no cadro de enfermidades profesionais co código 1S0104, polo contacto con herbicidas de tipo organofosforados e carbamatos.



1S0104 - Enfermidade na aplicación directa de praguicidas que conteñen organofosforados

Dermatite irritativa de contacto polo uso do herbicida glufosinato amónico no cultivo de millo

01

CAUSAS

- O axente causal é o herbicida glufosinato amónico.
- O contacto cutáneo durante a mestura e a aplicación do herbicida, que é tóxico e irritante para a pel.
- Non empregar os equipos de protección individual axeitados.



ACCIÓNS CORRECTORAS/PREVENTIVAS

1. Solicitalle á empresa comercializadora do produto a ficha de datos de seguridade (FDS) e respectar as especificacións do fabricante no relativo á manipulación, aplicación e almacenamento.
2. Empregar protección individual axeitada consonte as indicacións da FDS: luvas de nitrilo e un mono estándar de algodón debaixo do traxe de protección química.
3. No caso de que se produzan salpicaduras, lavar as luvas, que deben ser desbotadas se o produto penetra no interior.
4. Realizar unha hixiene persoal axeitada tras o contacto co herbicida.
5. Fomentar a utilización de métodos de loita biolóxica na medida do posible.
6. Realizar a vixilancia da saúde con recoñecementos médicos específicos en función dos riscos do posto para detectar os danos o máis axiña posible.
7. Formar e informar sobre os riscos laborais asociados á manipulación dos herbicidas no seu traballo, a maneira de evitalos e como recoñecer os síntomas da enfermidade.

1S0104 - Enfermidade na aplicación directa de praguicidas que conteñen organofosforados

Intoxicación crónica pola exposición ao insecticida dimetoato e clorpirifós en invernadoiros

02

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE

Produción de diversos tipos de cultivos de horta no invernadoiro (leitugas, pementos, tomates etc.).

As principais tarefas que desenvolve son:

- Posta a punto do invernadoiro: reparación ou substitución dos plásticos, branquexado de cubertas, colocación de mallas de sombreo etc.
- Preparación do terreo: desinfección do chan, eliminación de restos de cultivo e destrución das malas herbas.
- Sementar e transplantar.
- Podar, esfollar, pinzar, rodrigar, amarrar etc.
- Utilizar insectos para a polinización.
- Preparar e aplicar fitosanitarios.
- Comprobar o control da praga.
- Rarear os froitos defectuosos ou excesivos.
- Recolleitar.
- Transportar e comercializar.



DESCRIPCIÓN DA ENFERMIDADE PROFESIONAL

O traballador de 45 anos desempeña esta actividade dende hai 10 anos. A temperatura e o grao de humidade no invernadoiro son elevados, o que provoca a proliferación de diferentes pragas (insectos, fungos etc.), ademais doutras especies vexetais oportunistas. Dispón do carné de aplicador de fitosanitarios básico.

Entre os produtos que manipula, emprega un insecticida que contén unha mestura de dimetoato e clorpirifós, pertencentes á familia dos organofosforados, que aplica cunha mochila manual. Como dispón de varios invernadoiros, esta actividade supónlle unhas catro horas ao día, sobre todo nos meses de calor. Durante a aplicación, utiliza unha funda de algodón que deixa no invernadoiro, non emprega luvas nin máscara e non protexe a cabeza. A hixiene corporal xeral faina ao final do día, despois de rematar o resto das tarefas.

Nos meses de abril, maio e xuño, estivo a aplicar nos invernadoiros este insecticida durante dous ou tres días por semana.

1S0104 - Enfermidade na aplicación directa de praguicidas que conteñen organofosforados

Intoxicación crónica pola exposición ao insecticida dimetoato e clorpirifós en invernadoiros

02

Tanto a mestura como a aplicación fainas no interior do invernadoiro, pero unicamente emprega roupa de traballo e equipos de protección individual (EPI) durante a aplicación. Como quería comprobar o efecto sobre a praga, entrou varias veces sen roupa de traballo nin EPI e sen respectar o tempo de reentrada nas áreas tratadas. O traballador comeza a ter lacrimación, dificultade para respirar, salivación abundante, sudación, vómitos e seguíronlle cambras nas pernas e formigos nos pés. Diagnosticáselle unha intoxicación crónica polo insecticida.

A intoxicación crónica por insecticidas do tipo organofosforados é unha enfermidade causada por axentes químicos que vén recollida no cadro de enfermidades profesionais co código 1S0104.

CAUSAS

- Os axentes causais son os insecticidas organofosforados.
- A inhalación e/ou contacto cutáneo cos insecticidas organofosforados dimetoato e clorpirifós que son tóxicos.
- Non seguir as indicacións da ficha de datos de seguridade (FDS) dos produtos na mestura e na aplicación de concentracións excesivas e non respectar os prazos de seguridade para a reentrada tras os tratamentos.
- Utilizar roupa de protección inadecuada, permeable e non lavada a diario.
- Non empregar luvas, máscaras e protección da cabeza.
- Non realizar a hixiene persoal de forma axeitada.
- A falta de sinalización dos cultivos tras o tratamento.



ACCIÓNS CORRECTORAS/PREVENTIVAS

1. Fomentar a utilización de métodos de loita biolóxica na medida do posible.
2. Respectar as especificacións do fabricante no relativo á manipulación, aplicación, almacenamento e período de reentrada no invernadoiro.
3. Empregar os EPI durante todo o proceso de preparación, mestura e aplicación do produto.
4. Realizar a hixiene persoal axeitada, lavar a roupa de traballo unha vez rematada a aplicación ou empregar roupa impermeable desbotable.
5. Realizar a vixilancia da saúde con recoñecementos médicos específicos en función dos riscos do posto para detectar os danos o máis axiña posible.
6. Formar e informar sobre os riscos laborais asociados á manipulación dos fitosanitarios no seu traballo, a maneira de evitalos e como recoñecer os síntomas da enfermidade.

2A0108 - Hipoacusia ou xordeira provocada polo ruído na corta de árbores con serras portátiles

Xordeira provocada polo ruído nunha explotación forestal

03

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Explotación forestal para a obtención de madeira e subprodutos de eucaliptos e piñeiros.

As tarefas fundamentais da empresa son:

- Plantar e renovar as árbores.
- Limpar o monte.
- Cortar, cargar e transportar.
- Procesar, elaborar e comercializar os produtos forestais.




O traballador afectado desempeña o posto de operario de motoserra, que utiliza durante toda a xornada para a corta polo pé, a espoladura e a tronza das árbores.

DESCRICIÓN DA ENFERMIDADE PROFESIONAL

O traballador de 52 anos utiliza a motoserra dende hai 24 anos para realizar as tarefas de corte dos piñeiros e eucaliptos. Nesta acción sofre a exposición continuada ao ruído da motoserra, o que lle produce unha afectación do nervio auditivo bilateral. O traballador sente ruídos ou zunchos nos oídos e perda da audición e diagnósticaselle xordeira neurosensorial bilateral simétrica e irreversible.

A hipoacusia ou xordeira neurosensorial nas frecuencias de 3 a 6 KHz, bilateral, simétrica e irreversible é unha enfermidade producida por axentes físicos e que está recollida no cadro de enfermidades profesionais co código 2A0108. A súa causa é a exposición a ruídos continuos cuxo nivel sonoro diario equivalente é igual ou superior a 80 decibelios A.





2A0108 - Hipoacusia ou xordeira provocada polo ruído na corta de árbores con serras portátiles

Xordeira provocada polo ruído nunha explotación forestal

03

CAUSAS

- O axente causal é o ruído producido pola motoserra.
- Os niveis de ruído emitido pola motoserra están arredor dos 100 dB(A), o que expón as persoas con risco a niveis diarios de ruído moi superiores aos límites establecidos na normativa vixente para a prevención dos danos da saúde.
- A exposición continua e prolongada ao ruído na xornada de traballo.
- Non utilizar a protección auditiva individual axeitada durante as tarefas con exposición ao ruído.

ACCIÓNS CORRECTORAS/PREVENTIVAS

1. Elixir as máquinas co menor nivel de ruído e mantelas conforme as indicacións do manual de instrucións do fabricante.
2. Usar obrigatoriamente os equipos de protección individual para protexer a audición: tapóns auditivos ou cascos. Estes deben cumprir coa normativa da súa comercialización, han de procurar a atenuación axeitada á exposición e manteranse en bo estado.
3. Medidas organizativas para evitar xornadas prolongadas con exposición ao ruído, alternando o uso da motoserra con outras tarefas nas que non exista exposición a este risco.
4. Realizar a vixilancia da saúde con recoñecementos médicos específicos en función dos riscos do posto para detectar os danos o máis axiña posible.
5. Formar e informar sobre os riscos laborais asociados ao ruído, a maneira de evitalos e como recoñecer os síntomas da enfermidade.

2B0201 - Enfermidade osteoarticular provocada por vibracións mecánicas transmitidas á man e ao brazo polo uso da rozadoira

Enfermidade de Kienböck no pulso nos labores silvícolas

04

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Empresa dedicada aos labores silvícolas na prevención de incendios forestais, mediante a realización de faixas e parcelas, para reducir a densidade da vexetación forestal.

As tarefas son:

- Cortar as árbores, principalmente piñeiros e eucaliptos.
- Espolar e tronzar as árbores.
- Rozar matogueiras e herbáceas.

O persoal utiliza a rozadoira e a motoserra.



DESCRICIÓN DA ENFERMIDADE PROFESIONAL

O traballador afectado desenvolve dende hai oito anos esta actividade na que emprega a rozadoira para cortar as ramas e eliminar a vexetación que medra nas faixas e parcelas integrantes das redes primarias que se fan para facilitar a extinción de incendios forestais. Esta acción supón unha exposición laboral a vibracións do sistema man-brazo de xeito continuo e prolongado no tempo, o que lle provoca unha necrose do óso semilunar no pulso con aparición de dor, unha limitación da mobilidade da man, a perda de forza na empuñadura e unha inflamación no pulso. Finalmente, diagnósticaselle a Enfermidade de Kienböck.

A Enfermidade de Kienböck é unha enfermidade profesional causada por axentes físicos, que aparece recollida no cadro de enfermidades profesionais co código 2B0201, pola exposición continuada a vibracións man-brazo.



CAUSAS

- O axente causal é a exposición laboral a vibracións do sistema man-brazo xeradas pola rozadoira, que superan o valor límite diario normalizado.
- Utilizar a rozadoira de xeito continuo e prolongado no tempo.
- Non realizar pausas/descansos frecuentes nin alternar as tarefas durante a xornada laboral.
- Non utilizar os equipos de protección individual axeitados.

2B0201 - Enfermedade osteoarticular provocada por vibracións mecánicas transmitidas á man e ao brazo polo uso da rozadoira

Enfermedade de Kienböck no pulso nos labores silvícolas

04

ACCIÓN CORRECTORAS/PREVENTIVAS

1. Diminuír o tempo de exposición ás vibracións man-brazo para non superar os valores límites de exposición laboral.
2. Favorecer a rotación con outras tarefas sen risco de vibracións man-brazo.
3. Realizar pausas periódicas durante a xornada de traballo.
4. Utilizar equipos de protección individual antivibracións.
5. Elixir e manter de forma adecuada os equipos de traballo.
6. Realizar a vixilancia da saúde con recoñecementos médicos específicos en función dos riscos do posto para detectar os danos o máis axiña posible.
7. Formar e informar sobre os riscos laborais asociados aos efectos das vibracións no sistema man-brazo no seu traballo, a maneira de evitalos e como recoñecer os síntomas da enfermidade.

**Bursite crónica do xeonllo dereito
no cultivo de viñedos**
05
DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Explotación vitícola.

As principais tarefas que se realizan son:

- Preparar a terra.
- Podar as vides con ferramentas manuais.
- Aplicar fitosanitarios.
- Rarear os froitos defectuosos e excesivos.
- Na época de vendima, recolleitar os acios.
- Conducir maquinaria agrícola.




2C0101 - Enfermidade das bolsas serosas pola presión en traballos agrícolas e similares

Bursite crónica do xeonllo dereito no cultivo de viñedos

05

DESCRICIÓN DA ENFERMIDADE PROFESIONAL

O traballador de 30 anos de idade desenvolve esta actividade dende hai 10 anos nos viñedos familiares. Durante unha parte da vendima, apoia o xeonllo dereito de forma repetida sobre unha superficie irregular, dura e con pedras. Nesta posición mantida e forzada, o traballador descarga o peso sobre esta articulación e exerce presión sobre a bursa, polo que despois de varios días presenta o xeonllo avermellado, inflamado, con calor na zona, rixidez da articulación e aparécelle un vulto marcado pola acumulación de líquido na bursa. A bursite é unha enfermidade profesional causada por axentes físicos, que aparece recollida no cadro de enfermidades profesionais co código 2C0101, provocada por posturas forzadas e por presión nas bolsas sinoviais.



CAUSAS

- O apoio prolongado do xeonllo sobre superficies duras.
- As posturas forzadas e repetidas do xeonllo na xornada laboral.
- Non utilizar equipos de protección individual nos xeonllos.
- Non realizar pausas no traballo.
- Non alternar esta tarefa con outras sen risco para os xeonllos.

ACCIÓNS CORRECTORAS/PREVENTIVAS

1. Alternar as tarefas con posturas forzadas e con presión no xeonllo con outras que non requiran estas posicións.
2. Apoiar de xeito alternativo os xeonllos e utilizar os equipos de protección individual.
3. Realizar a vixilancia da saúde con recoñecementos médicos específicos en función dos riscos do posto para detectar os danos o máis axiña posible.
4. Formar e informar sobre os riscos laborais asociados ás posturas forzadas e á presión nos xeonllos no seu traballo, a maneira de evitalos e como recoñecer os síntomas da enfermidade.

2D0101 - Enfermidade por fatiga e inflamación das vaíñas tendinosas, de tecidos peritendinosos e insercións musculares e tendinosas

Tendinite crónica do manguito dos rotadores do ombreiro dereito no uso de maquinaria agrícola

06

DESCRIBIÓN DA ACTIVIDADE

Granxa dedicada á explotación de gando bovino para a recría e a produción de leite, coas seguintes instalacións:

- Cortes de recría.
- Cortes de gando adulto.
- Leitería.
- Sala de muxidura.


O traballador afectado realiza as tarefas propias dun operario de maquinaria agrícola, o que supón o manexo do carro mesturador e do tractor e mais dos apeiros que se usan nos procesos produtivos da explotación. Ademais, realiza a súa posta a punto, mantemento e conservación básica e tamén colabora nas operacións de manexo de gando.

A maquinaria que utiliza son tractores, segadoras, empacadoras, grades, fresadoras, remolques, arados, aboadoras e carros mesturadores.



DESCRIBIÓN DA ENFERMIDADE PROFESIONAL

O traballador desenvolve dende hai 22 anos as mesmas tarefas como operario de maquinaria agrícola nesta explotación. Na condución do tractor, está moitas horas cos brazos lixeiramente elevados. No enganche e desenganche dos apeiros agrícolas realiza sobreesforzos cos brazos, xa que algúns destes apeiros teñen que ser levantados manualmente. O operario tamén manipula sacos de 40 kg e realiza sobreesforzos na suxeición dos animais. Estas accións provócanlle a fatiga e a inflamación do tendón supraespinoso no ombro esquerdo. O traballador ten dor no ombro que vai aumentando, unha dor que lle limita os movementos e que incluso sofre pola noite. Finalmente, diagnósticaselle tendinite crónica do manguito dos rotadores, que é a causa máis frecuente do que se coñece como “ombro doloroso”.



2D0101 - Enfermidade por fatiga e inflamación das vañas tendinosas, de tecidos peritendinosos e insercións musculares e tendinosas**Tendinite crónica do manguito dos rotadores do ombreiro dereito no uso de maquinaria agrícola****06**

A tendinite crónica do manguito dos rotadores é unha enfermidade causada por axentes físicos ergonómicos, que aparece recollida no cadro de enfermidades profesionais co código 2D0101, provocada por posturas forzadas con inflamación do tendón supraespinoso.

CAUSAS

- A postura mantida cos brazos en flexión e cunha lixeira elevación na condución do tractor.
- As accións repetidas de alcanzar e levantar cos brazos apeiros agrícolas e sacos de 40 kg.
- Os sobreesforzos cos brazos no manexo de animais.
- Non realizar pausas/descansos durante a tarefa de condución.

ACCIÓNS CORRECTORAS/PREVENTIVAS

1. Alternar as tarefas dentro da mesma xornada para evitar a fatiga nos brazos, asociada a moitas horas seguidas de condución do tractor.
2. Rotar a outros postos que non supoñan tanta carga física para os ombros.
3. Facer pausas para evitar a sobrecarga desta articulación.
4. Mecanizar na medida do posible todas as tarefas de enganche e desenganche dos apeiros e a de manipulación de sacos.
5. Realizar a vixilancia da saúde con recoñecementos médicos específicos en función dos riscos do posto para detectar os danos o máis axiña posible.
6. Formar e informar sobre os riscos laborais asociados ás posturas forzadas e mantidas dos brazos, a maneira de evitalos e como recoñecer os síntomas da enfermidade.

2D0201 - Enfermidade por fatiga e inflamación das vañas tendinosas, de tecidos peritendinosos e insercións musculares e tendinosas

Epicondilite lateral do codo dereito no corte e rachado de leña

07

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Traballos destinados á obtención de leña.

As principais tarefas son:

- Cortar troncos de madeira coa motoserra en pezas máis pequenas ou en toros, que oscilan entre os 20 e os 50 cm de lonxitude.
- Colocar os toros na fenedora para rachalos e así obter as achas.
- Retirar as achas saíntes da fenedora e lanzalas ao remolque do tractor.




Para isto, utilízanse as seguintes ferramentas e equipos de traballo: a motoserra, a fenedora accionada polo tractor e, ocasionalmente, a machada.

DESCRICIÓN DA ENFERMIDADE PROFESIONAL

A traballadora de 46 anos realiza as tarefas de corte e rachado de leña dende hai 6 anos. Nestas accións, fai movementos de impacto ou sacudidas no uso da motoserra cando corta os troncos en pezas máis pequenas. Despois, coloca as pezas na fenedora para obter as achas que bota no remolque. Ao realizar estas tarefas, manipula pesos, realiza movementos repetidos e adopta posturas forzadas dos brazos e do pulso, o que lle provoca irritación e inflamación nos tendóns do codo dereito.

A traballadora comeza a ter dor na parte externa do codo, que se estende polo brazo e polo antebrazo, presenta dificultade para realizar movementos e para coller pesos, así como rixidez matinal. Finalmente, diagnósticaselle unha Epicondilite lateral.

A Epicondilite lateral é unha enfermidade causada por axentes físicos ergonómicos, que aparece recollida no cadro de enfermidades profesionais co código 2D0201, provocada por posturas forzadas e movementos repetidos con inflamación da inserción dos tendóns extensores do antebrazo no codo.



2D0201 - Enfermidade por fatiga e inflamación das vaíñas tendinosas, de tecidos peritendinosos e insercións musculares e tendinosas

Epicondilite lateral do cóbado dereito no corte e rachado de leña

07

CAUSAS

- Os movementos de impacto ou sacudidas producidos no uso da motoserra.
- Os movementos repetidos de flexión e extensión e posturas forzadas do brazo e do pulso, así como movementos de supinación e pronación repetida na manipulación manual dos troncos e das achas.
- Non realizar pausas/descansos durante as tarefas.

ACCIÓNS CORRECTORAS/PREVENTIVAS

1. Alternar as tarefas repetidas con outras sen tanta carga física para o cóbado dentro da mesma xornada.
2. Realizar pausas curtas frecuentes e descansos recuperadores.
3. Dispoñer na fenedora de elementos auxiliares de axuda, como é a rampla cargadora para a elevación dos troncos, sempre que sexa posible. Tamén é importante mellorar a altura da superficie de traballo coa fenedora.
4. Limitar o tempo de manexo da motoserra e agarrala de forma axeitada para evitar posturas que producen dano.
5. Mantemento adecuado dos equipos de traballo.
6. Realizar a vixilancia da saúde con recoñecementos médicos específicos en función dos riscos do posto para detectar os danos o máis axiña posible.
7. Formar e informar sobre os riscos laborais asociados á realización de movementos repetidos e posturas forzadas cos brazos e co pulso no seu traballo, a maneira de evitalos e como recoñecer os síntomas da enfermidade.

2D0301 - Enfermidade por fatiga e inflamación das vañas tendinosas, de tecidos peritendinosos e insercións musculares e tendinosas

Tendinite do abdutor longo e extensor curto do polgar (T. De Quervain) no cultivo industrial de cogomelos

08

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Explotación e cultivo industrial dos seguintes cogomelos: *Pleurotus ostreatus* e *Psitacci*.

O substrato para o cultivo é unha alpaca ou bala composta por unha base de palla de cereais (centeo, trigo ou cebada) e enriquecida con algún substrato no que, despois dun tratamento térmico, se inoculan os micelios. O substrato sementado introdúcese en sacos de plástico de 15 a 30 kg de capacidade.

Distínguense dúas áreas de traballo: o invernadoiro e a zona de procesado. As principais tarefas realizadas segundo a área de traballo son:

• Invernadoiro:

- Distribuir as alpacas sementadas co micelio, que pesan 15 kg cada unha, coa axuda dunha carretilla elevadora, entre tres traballadores, unha vez ao mes.
- Control regular das condicións de temperatura e humidade para favorecer a xerminación do micelio e o seu axuste, se fose necesario.
- Recolocar as alpacas de forma manual cada dous días.
- Recoller a produción de cogomelos un a un coa man esquerda, mentres se corta o tronco do acio ou piña coa man dereita. Cada piña de cogomelos pesa sobre 700 g e depositase en caixas que pesan arredor de 2,5-3 kg, para cuxo transporte se empregan medios auxiliares.
- Renovar as alpacas unha vez ao mes e retirar as anteriores.

• Nave de procesado:

- Separar o pé de cada cogomelo do acio cun coitelo.
- Colocar, pesar, filmar e etiquetar as bandexas de poliespán cos cogomelos.
- Conformar as caixas de envasado entre varias traballadoras.



DESCRICIÓN DA ENFERMIDADE PROFESIONAL

A traballadora desempeña o posto de cultivadora de cogomelos dende hai 4 anos nesta empresa e realiza todas as tarefas descritas. Durante a súa actividade laboral, adopta posturas forzadas mantidas do pulso esquerdo en flexión dorsal a 60°, co polgar en extensión máxima, tanto na recollida dos acios dos cogomelos coma na fase de procesado sen facer ningún descanso. Ademais, co dedo polgar esquerdo realiza movementos repetitivos de flexo-extensión e rotación.


2D0301 - Enfermidade por fatiga e inflamación das vaíñas tendinosas, de tecidos peritendinosos e insercións musculares e tendinosas

Tendinite do abdutor longo e extensor curto do polgar (T. De Quervain) no cultivo industrial de cogomelos

08

Comeza con dor no pulso debaixo do polgar e, máis tarde, ten dor intensa ao longo deste dedo que empeora con determinados movementos. Tamén perde forza e ten dificultade para coller ou soste obxectos e, ademais, non é quen de separar nin de flexionar o polgar.

A Tendinite de De Quervain é unha enfermidade profesional causada por axentes físicos ergonómicos, recollida no cadro de enfermidades profesionais co código 2D0301, provocada por movementos repetidos e mantidos de extensión do pulso e posturas forzadas do polgar.



CAUSAS

- Realizar movementos repetitivos co polgar.
- Adoptar posturas forzadas e mantidas do pulso, en flexión dorsal, co dedo polgar esquerdo separado e en extensión forzada, durante a recolección dos cogomelos e durante o seu procesado.
- A ausencia de pausas na recollida dos acios e na fase de procesado.

ACCIÓNS CORRECTORAS/PREVENTIVAS

1. Introducir pausas frecuentes para evitar a fatiga e a inflamación do tendón.
2. Reducir o tempo de exposición nas tarefas identificadas como de maior risco e alternar con outras nas que non estean implicadas as mesmas estruturas da man.
3. Realizar a vixilancia da saúde dos traballadores con recoñecementos médicos específicos en función dos riscos do posto para detectar os danos o máis axiña posible.
4. Formar e informar sobre os riscos laborais asociados ás posturas forzadas e á realización de movementos repetitivos no seu traballo, a maneira de evitalos e como recoñecer os síntomas da enfermidade.

Síndrome do tunel carpiano no pulso dereito na poda das vides

09

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Explotación de viñedos.

O traballador afectado realiza as tarefas propias do mantemento de viñedos:


- Aliñar as vides, para o que utiliza ferramentas e materiais como martelos, cravos e arames.
- Podar as vides, para o que manipula ferramentas manuais como as tesoiras de podar.
- Aplicar fertilizantes e fitosanitarios.



DESCRICIÓN DA ENFERMIDADE PROFESIONAL

O traballador desenvolve, entre outras, a tarefa de poda nas viñas dende hai tres anos. Para esta tarefa usa unhas tesoiras de poda. Nesta acción, realízanse movementos repetidos coa man en postura forzada e aplicando forza, de forma continuada e prolongada no tempo, o que lle provoca inflamación a nivel do túnel carpiano do pulso dereito e compresión do nervio mediano. O traballador comeza a ter síntomas como dor, perda de forza, formigo dos dedos e adormecemento de parte da man, sobre todo pola noite e, finalmente, diagnósticaselle síndrome do túnel carpiano.

A síndrome do túnel carpiano é unha enfermidade causada por axentes físicos, recollida no cadro de enfermidades profesionais co código 2F0201, provocada por posturas e movementos repetitivos con compresión do nervio mediano no pulso.



CAUSAS

- Realizar movementos repetidos da man durante tempo prolongado nas campañas de poda.
- Manter posturas forzadas continuadas do pulso no agarre das tesoiras.
- Aplicar forza coas mans no corte da vide coa tesoiras.
- Non realizar pausas/descansos durante a tarefa da poda.

**Síndrome do tunel carpiano no pulso dereito
na poda das vides**
09
ACCIÓNS CORRECTORAS/PREVENTIVAS

1. Alternar as tarefas repetitivas con outras sen tanta carga física para o pulso dentro da mesma xornada.
2. Introducir pausas curtas moi frecuentes, polo menos 10 minutos cada hora.
3. Empregar ferramentas de traballo adecuadas, con agarres ben adaptados á man e en bo estado de mantemento, para non ter que facer unha forza maior.
4. Usar luvas de protección, ben axustadas e que non diminúan a sensibilidade para evitar facer máis forza da necesaria.
5. Realizar a vixilancia da saúde con recoñecementos médicos específicos en función dos riscos do posto para detectar os danos o máis axiña posible.
6. Formar e informar sobre os riscos laborais asociados ás posturas forzadas e á realización de movementos repetitivos no seu traballo, a maneira de evitalos e como recoñecer os síntomas da enfermidade.

Síndrome de compresión do nervio ciático poplíteo externo no xeonllo dereito nas tarefas do invernadoiro

10

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Produción de pementos, tomates, leitugas e outras hortalizas nos invernadoiros.

As tarefas principais son:

- Preparar a terra.
- Sementar en bandexas.
- Plantar manualmente.
- Fertilizar e regar a terra.
- Retirar á man as malas herbas.
- Recolleitar.




DESCRICIÓN DA ENFERMIDADE PROFESIONAL

Traballadora de 56 anos que exerce esta actividade dende hai 5 anos nos invernadoiros da súa propiedade. Nas tarefas de plantación e limpeza das malas herbas, a operaria permanece boa parte da xornada axeonllada no chan apoiada sobre os talóns, comprimindo o nervio no xeonllo.

Comeza con perda de sensibilidade na perna dereita, perda de forza e imposibilidade para estender o primeiro dedo do pé dereito. Finalmente, diagnósticaselle síndrome de compresión do nervio ciático poplíteo externo.

A síndrome de compresión do nervio ciático poplíteo externo é unha enfermidade causada por axentes físicos, que se recolle no cadro de enfermidades profesionais co código 2F0401, provocada por posturas forzadas con compresión do nervio no xeonllo.



CAUSAS

- O apoio prolongado dos xeonllos flexionados sobre o chan.
- Non realizar pausas ou non alternar as tarefas nas que haxa posturas forzadas dos xeonllos.
- Realizar pequenos desprazamentos manténdose axeonllado.

**Síndrome de compresión do nervio ciático poplíteo externo
no xeonllo dereito nas tarefas do invernadoiro****10****ACCIÓNS CORRECTORAS/PREVENTIVAS**

1. Introducir pausas curtas e frecuentes durante as tarefas nas que se necesite estar axeonllado.
2. Alternar as tarefas para evitar a postura forzada de hiperflexión dos xeonllos durante moito tempo.
3. Realizar a vixilancia da saúde con recoñecementos médicos específicos en función dos riscos do posto para detectar os danos o máis axiña posible.
4. Formar e informar sobre os riscos laborais asociados ás posturas forzadas no seu traballo, a maneira de evitalos e como recoñecer os síntomas da enfermidade.

3B0102 - Enfermidade infecciosa transmitida aos humanos polos animais e os seus produtos e cadáveres en explotacións gandeiras

Erisipeloide de Rosenbach transmitida pola manipulación dos porcos coa erisipelose coñecida como “Mal vermello”

11

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Explotación gandeira de 100 cabezas de gando porcino nunha instalación cerrada.

Realízanse as seguintes tarefas:

- Alimentar os animais.
- Separar os animais en función do seu estado produtivo (parideiras, crías, cebo etc.).
- Extraerlles os incisivos aos leitóns.
- Vacinar.
- Limpar as instalacións.



DESCRICIÓN DA ENFERMIDADE PROFESIONAL

O traballador afectado ten 37 anos e desenvolve dende sempre as tarefas propias da explotación porcina. Unha delas, na que ten un maior contacto cos animais, é o traslado dos porcos a outras zonas da granxa ou ao matadoiro. Nese momento, observa algúns animais con manchas vermellas na pel.

Os equipos de protección individual empregados son botas de goma, mentres que a roupa de traballo é roupa vella que aproveita para as actividades na granxa.

Aos 7 días despois da selección e do traslado dos porcos para a súa venda, o traballador presenta unha infección cutánea localizada con ronchas quentes avermelladas no dorso da súa man dereita. Tamén ten febre, cansazo e sensación de malestar xeral. Acábaselle diagnosticando Erisipeloide de Rosenbach.

A Erisipeloide de Rosenbach é unha enfermidade infecciosa transmitida ao humano polos animais ou polos seus produtos e cadáveres, que aparece recollida no cadro de enfermidades profesionais co código 3B0102, provocada pola inoculación do axente biolóxico *Erysipelotrix rhusiopathiae*.



3B0102 - Enfermidade infecciosa transmitida aos humanos polos animais e os seus produtos e cadáveres en explotacións gandeiras

Erisipeloide de Rosenbach transmitida pola manipulación dos porcos coa erisipelose coñecida como “Mal vermello”

11

CAUSAS

- O axente causal é a bacteria *Erysipelotrix rhusiopathiae*.
- A inoculación da bacteria pola manipulación dos porcos infectados e os seus produtos.
- A vacinación incompleta dos animais.
- Non utilizar protección individual axeitada.

ACCIÓN CORRECTORAS/PREVENTIVAS

1. Manipular os animais e os seus produtos con equipos de protección individual axeitados, como luvas e roupa de traballo con manga larga.
2. Realizar controis sanitarios periódicos dos animais.
3. Limpar as instalacións para eliminar as fontes de contaminación, como a urina, os excrementos, a auga etc.
4. Realizar a vixilancia da saúde con recoñecementos médicos específicos en función dos riscos do posto para detectar os danos o máis axiña posible.
5. Formar e informar acerca dos riscos laborais asociados aos axentes biolóxicos que poden ser transmitidos polo gando ao home no seu traballo, a maneira de evitalos e como recoñecer os síntomas da enfermidade.

3B0102 - Enfermidade infecciosa transmitida aos humanos polos animais ou os seus produtos e cadáveres en explotacións gandeiras

Febre Q transmitida pola manipulación do gando infectado coa bacteria *Coxiella burnetti*

12

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Granxa de vacas dedicada á produción de leite, que conta con 60 cabezas de gando en estabulación pechada.

As principais tarefas son:

- Alimentar os animais.
- Muxir as vacas.
- Limpar as instalacións.
- Axudar nos partos.



DESCRICIÓN DA ENFERMIDADE PROFESIONAL

O traballador afectado ten 49 anos e desenvolve desde hai 33 anos as tarefas propias da granxa familiar nas que manipula o gando. Para facelo, utiliza botas de goma e roupa vella.

Ás tres semanas despois de atender o parto dunha vaca, tivo febre, calafríos, sudación intensa pola noite, tose e moito esgotamento e diagnosticóuselle Febre Q. Esta enfermidade é unha zoonose altamente contaxiosa, provocada pola bacteria *Coxiella burnetti*, que infecta o gando (vacas, ovellas e cabras, principalmente). O síntoma máis frecuente da infección nos animais é o aborto nas últimas semanas de xestación; porén, a maioría non presentan sintomatoloxía. Esta bacteria é moi resistente e pode vivir durante meses, incluso anos, na terra e no po.

A Febre Q é unha enfermidade infecciosa transmitida aos humanos polos animais ou os seus produtos, que aparece recollida no cadro de enfermidades profesionais co código 3B0102, provocada pola inhalación de aerosois ou po contaminado con esporas do axente biolóxico *Coxiella burnetii*, que se encontra na placenta, nas feces e nos ouriños dos animais infectados.

CAUSAS

- O axente causal é a bacteria *Coxiella burnetti*.
- A inhalación de aerosois ou po contaminados coa bacteria, procedentes da placenta tras o parto ou ben de materiais contaminados cos fluídos, feces e ouriños (esterco ou palla desecados) e incluso a través da roupa empregada na asistencia ao parto.
- Non empregar equipos de protección individual axeitados.

3B0102 - Enfermidade infecciosa transmitida aos humanos polos animais ou os seus produtos e cadáveres en explotacións gandeiras**Febre Q transmitida pola manipulación do gando infectado coa bacteria *Coxiella burnetti*****12****ACCIÓNS CORRECTORAS/PREVENTIVAS**

1. Realizar controis sanitarios periodicamente, xa que os animais infectados normalmente non manifestan síntomas.
2. Realizar o tratamento axeitado dos residuos biolóxicos derivados dos animais ou contaminados con eles (partos ect.).
3. Ter unha área da explotación para o parto dos animais e, deste xeito, evitárase a contaminación doutras áreas.
4. Usar roupa, calzado, luvas e máscaras protectoras cando se traballa cos animais (especialmente nos partos).
5. Desinfectar as zonas de traballo.
6. Lavar as mans e a roupa de traballo.
7. Non permitir que os cans, gatos, aves ou outros animais entren en contacto cos produtos do parto.
8. Realizar a vixilancia da saúde con recoñecementos médicos específicos en función dos riscos do posto para detectar os danos o máis axiña posible.
9. Formar e informar sobre os riscos laborais asociados aos axentes biolóxicos que poden ser transmitidos polo gando ao home, a maneira de evitalos e como recoñecer os síntomas da enfermidade.

3B0102 - Enfermidade infecciosa transmitida aos humanos polos animais ou os seus produtos e cadáveres en explotacións gandeiras

Enfermidade de Lyme adquirida durante o coidado do gando

13

DESCRINCIÓN DA ACTIVIDADE

Explotación extensiva de gando vacún na provincia de Lugo e destinada á produción de carne.

As principais tarefas da explotación son:

- Alimentar os animais.
- Realizar os coidados sanitarios.
- Realizar as labores de pastoreo.
- Limpar as cortes.
- Manexar maquinaria agrícola.
- Aplicar biocidas.



DESCRINCIÓN DA ENFERMIDADE PROFESIONAL

O traballador afectado ten 57 anos e desenvolve dende sempre as tarefas propias da explotación. Mentres lle axudaba ao veterinario na realización do saneamento dos animais, unha carracha adhíreselle á pel, pero non se decata ata despois duns días cando lle aparece o característico eritema migratorio na zona da picadura con proído e tamén ten febre. Finalmente, diagnósticaselle a Enfermidade de Lyme.

A Enfermidade de Lyme é unha enfermidade infecciosa causada por axentes biolóxicos, que aparece recollida no cadro de enfermidades profesionais co código 3B0102, transmitida aos humanos pola carracha infectada coa *Borrelia* que parasita os animais.

A Enfermidade de Lyme, tamén coñecida como borrielse, prodúcese a consecuencia da entrada no organismo dunha bacteria do xénero espiroqueta, a *Borrelia burgdorferi*. Esta bacteria transmítese dos animais aos humanos mediante a picadura da carracha *Ixodes ricinus*, un parasito que vive nos ambientes húmidos, en lugares cheos de maleza ou arboredo. Pode parasitar distintos animais, como cans, gatos, cabalos, ovellas, cabras, vacas..., e alóxase fundamentalmente nas orellas, no colo e na zona perianal.

CAUSAS

- O axente causal e a bacteria *Borrelia burgdorferi* que infecta as carrachas.
- A picadura dunha carracha infectada.
- Non empregar roupa e equipos de protección individual axeitados.



3B0102 - Enfermidade infecciosa transmitida aos humanos polos animais ou os seus produtos e cadáveres en explotacións gandeiras**Enfermidade de Lyme adquirida durante o coidado do gando****13****ACCIÓNS CORRECTORAS/PREVENTIVAS**

1. Manter unha desparasitación adecuada do gando.
2. Empregar biocidas contra carrachas nos locais onde se aloxa o gando.
3. En zonas nas que pode haber carrachas, hai que utilizar roupa de cores claras que permita detectar máis facilmente as carrachas e meter os baixos do pantalón dentro dos calcetíns. Ademais, hai que usar botas e luvas de goma.
4. Despois de contactos sospeitosos, é necesario ducharse e revisar todo o corpo na busca de carrachas. No caso de atopar algunha, debe retirarse agarrando a carracha preto da cabeza ou da boca mediante unhas pinzas, sempre con luvas e tirando cara a fóra cun movemento lento e firme, sen destripala nin esmagala. Hai que ter coidado de non deixar a cabeza incrustada na pel e de desinfectar a zona de contacto.
5. Realizar a vixilancia da saúde con recoñecementos médicos específicos en función dos riscos do posto para detectar os danos o máis axiña posible.
6. Formar e informar acerca dos riscos laborais asociados aos axentes biolóxicos que poden ser transmitidos polos animais ao home no seu traballo, a maneira de evitalos e como recoñecer os síntomas da enfermidade.

Micose superficial nas mans por fungos nos labores de cultivo do millo

14

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Pequena explotación agraria en zonas húmidas, na que se cultiva millo en gran.

As principais tarefas son:

- Preparar o terreo.
- Sementar.
- Aplicar os tratamentos para evitar as pragas e as malas herbas.
- Despenachar as cabezas do millo.
- Recolleitar.
- Almacenar.



DESCRICIÓN DA ENFERMIDADE PROFESIONAL

O traballador afectado desenvolve esta actividade dende hai 20 anos e, malia que os labores varían segundo a época do ano, normalmente fanse en condicións elevadas de humidade. No cultivo de millo en Galicia, cando se fai en parcelas pequenas, non é posible a mecanización e a maioría das tarefas realízase manualmente.

O operario non emprega de xeito continuo as luvas, nin as botas, nin a roupa de traballo e cando usa luvas, aínda que as teña molladas continúa con elas ata rematar o traballo.

Dende hai días, presenta lesións vermellas con prído entre os dedos das mans e gretas dolorosas. Acaba por diagnosticárselle unha micose superficial por *Candida albicans*.

A micose superficial é unha enfermidade profesional causada por axentes biolóxicos, que aparece recollida no cadro de enfermidades profesionais co código 3D0104, cuxa orixe está nas condicións de humidade elevada que favorece a infección por fungos, como a *Candida albicans*.



CAUSAS

- O axente causal é a *Candida albicans*.
- Desenvolver traballos na agricultura en condicións de humidade alta, o que favorece a proliferación de fungos que poden infectar a pel.
- Non empregar equipos de protección individual nin roupa de traballo axeitados e non mantelos secos.

**Micose superficial nas mans por fungos
nos labores de cultivo do millo****14****ACCIÓNS CORRECTORAS/PREVENTIVAS**

1. Empregar luvas, botas de goma e roupa axeitada para cada tarefa e usar luvas de algodón por debaixo, para manter protexida e seca a pel. Retirar as luvas cando se mollen.
2. Ter unha axeitada hixiene persoal. Evitar xabóns abrasivos.
3. Realizar a vixilancia da saúde con recoñecementos médicos específicos en función dos riscos do posto para detectar os danos o máis axiña posible.
4. Formar e informar sobre os riscos laborais asociados aos axentes biolóxicos nos labores de agricultura en zonas húmidas, a maneira de evitalos e como recoñecer os síntomas da enfermidade.

4H0213 - Enfermidade por inhalación de substancias de alto peso molecular nas explotacións gandeiras

Asma por epitelio de vaca nas tarefas dunha explotación de gando bovino

15

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Explotación gandeira de 30 cabezas de gando bovino nunha estabulación cerrada.

As tarefas habituais son:

- Alimentar os animais dentro e fóra das instalacións.
- Muxir as vacas.
- Limpar as instalacións e os equipos de muxir.
- Axudar nas tarefas da recolleita de herba e cereais.




DESCRICIÓN DA ENFERMIDADE PROFESIONAL

A traballadora de 52 anos realiza dende sempre as tarefas propias dunha explotación gandeira destinada á produción de leite. Unha das tarefas na que se ve exposta a un maior contacto cos animais é na muxidura dunha media diaria de 20 vacas mediante o sistema de circuíto, logo da limpeza dos tetos. As vacas están dentro da instalación en cubículos contiguos e para a muxidura a traballadora métese entre elas. Este labor realízao dúas veces no día con luvas, botas de goma e mandilón.

A instalación habitualmente está aberta e con moita ventilación.

A traballadora comeza dende hai tres anos con tose seca, esbirros e falta de vida. Presenta unha reacción bronquial obstrutiva que se lle agrava no último ano e séntese peor ao entrar na corte. Despois de lle realizar probas de alerxia, diagnósticaselle rinite e asma bronquial por alerxia ao epitelio de vaca.

A asma é unha enfermidade recollida no cadro de enfermidades profesionais co código 4H0213 e que está causada pola inhalación de substancias de alto peso molecular (substancias de orixe vexetal, animal, microorganismos e substancias encimáticas de orixe vexetal, animal e/ou microorganismos) no traballo das explotacións gandeiras.





4H0213 - Enfermidade por inhalación de substancias de alto peso molecular nas explotacións gandeiras

Asma por epitelio de vaca nas tarefas dunha explotación de gando bovino

15

CAUSAS

- O axente causal é o alérxeno presente nas partículas da caspa.
- A inhalación das partículas da caspa das vacas.
- A limpeza inadecuada das instalacións.
- Non utilizar protección para evitar a exposición ás partículas.

ACCIÓNS CORRECTORAS/PREVENTIVAS

1. Evitar a exposición ás partículas da caspa da pel dos animais.
2. Utilizar máscaras, luvas e roupa de traballo.
3. Extremar as medidas de hixiene persoal.
4. Realizar unha limpeza adecuada das instalacións.
5. Ter unha boa ventilación e aireación nos lugares de traballo.
6. Realizar a vixilancia da saúde con recoñecementos médicos específicos en función dos riscos do posto, para detectar os danos o máis axiña posible.
7. Formar e informar sobre os riscos laborais asociados á inhalación e ao contacto cos alérxenos dos animais, a maneira de evitalos e como recoñecer os síntomas da enfermidade.

4H0313 - Enfermidade por inhalación de substancias de alto peso molecular nas explotacións gandeiras

Pulmón do granxeiro nas tarefas dunha explotación de gando bovino

16

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Explotación gandeira de 150 cabezas de gando bovino para a produción de leite.

Realízanse as seguintes tarefas:

- Fertilizar e preparar os cultivos.
- Recoller e empacar a herba seca.
- Elaborar os silos de millo e de herba.
- Realizar a mestura no carro mesturador.
- Coidar e alimentar o gando.
- Muxir as vacas.
- Limpar e manter as instalacións.



DESCRICIÓN DA ENFERMIDADE PROFESIONAL


O traballador desenvolve, entre outras, a tarefa de alimentación do gando e limpeza das instalacións na granxa dende hai máis de 30 anos.

Os animais aliméntanse de diferente maneira segundo o momento da produción:

As vacas de produción de leite aliméntanse coa mestura que se fai no carro mesturador con silo de millo, silo de herba, herba seca e outros compoñentes, como penso.

As xovencas e as vacas en período de secado aliméntanse con silo e con herba seca.

A herba e o millo almacenado en seco ou ensilado dá lugar á formación de fungos. A súa manipulación expón o traballador á inhalación do po orgánico que se desprende e que contén estes fungos. Isto provócalle unha reacción inflamatoria pulmonar e presenta síntomas de falta de vida, perda de forza, tose con expectoración. Finalmente, diagnósticaselle alveolite alérxica extrínseca, coñecida como “Pulmón do granxeiro”, por ser típica desta actividade.





4H0313 - Enfermidade por inhalación de substancias de alto peso molecular nas explotacións gandeiras

Pulmón do granxeiro nas tarefas dunha explotación de gando bovino

16

A alveolite alérxica extrínseca ou neumonite por hipersensibilidade é unha enfermidade que aparece recollida no cadro de enfermidades profesionais co código 4H0313 e a causa é a inhalación de substancias de alto peso molecular (substancias de orixe vexetal, animal, microorganismos e substancias encimáticas de orixe vexetal, animal e/ou microorganismos) nos traballos das explotacións gandeiras.

CAUSAS

- Os axentes causais son os antíxenos dos fungos das especies *Micropolyspora faeni* e *Termoactinomyces vulgaris*, que están no po que inhala o traballador.
- A inhalación de po orgánico contaminado con fungos presentes nos produtos de alimentación do gando.
- Non utilizar máscaras de protección.

ACCIÓNS CORRECTORAS/PREVENTIVAS

1. Evitar a inhalación do axente causal, e dicir, do po de produtos que teñen fungos.
2. Utilización habitual de máscaras sempre que se manipulen os produtos causantes da enfermidade.
3. Ter unha boa ventilación e aireación nos lugares de traballo que sexan cerrados.
4. Realizar a vixilancia da saúde con recoñecementos médicos específicos en función dos riscos do posto para detectar os danos o máis axiña posible.
5. Formar e informar acerca dos riscos laborais asociados á inhalación de po orgánico no seu traballo, a maneira de evitalos e como recoñecer os síntomas da enfermidade.

5B0112- Enfermidade da pel por substancias de alto peso molecular de orixe vexetal en traballos de agricultura

Dermatite alérxica de contacto polas lactonas no cultivo de plantas ornamentais en invernadoiros

17

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

A actividade da empresa é o cultivo de plantas ornamentais en invernadoiro e a súa comercialización.

As principais tarefas son:

- Plantar.
- Aplicar fertilizantes e praguicidas.
- Arrancar os brotes, podar e guiar o crecemento das plantas e das flores.
- Cortar, clasificar e empaquetar.

As plantas que se cultivan son: rosas, xerberas, estátice ou limonio, alstroemeria, azucenas e crisantemos.

A traballadora afectada desempeña o posto de operaria de invernadoiro, almacén e preparados e realiza en concreto as tarefas de podar, cortar, clasificar e empaquetar e, ocasionalmente, tamén as de plantar e quitar os brotes laterais dos talos.

A operaria usa ferramentas manuais do tipo tesoiras de ferro, pa e un carro auxiliar para transportar as flores e as plantas.

Para a protección individual usa luvas de coiro, máscara, botas e roupa de traballo, coma o mandilón e a chaqueta de plástico.



DESCRICIÓN DA ENFERMIDADE PROFESIONAL

A traballadora de 54 anos de idade realiza as tarefas de operaria de invernadoiro, almacén e preparados dende hai 16 anos. A súa xornada laboral é de 8 horas diarias. Corta flores que vai colocando en carros e lévaas ao almacén onde as clasifica, átaas en mañuzos e empaquétaas en bolsas de plástico ou caixas de cartón.

5B0112- Enfermidade da pel por substancias de alto peso molecular de orixe vexetal en traballos de agricultura

Dermatite alérxica de contacto polas lactonas no cultivo de plantas ornamentais en invernadoiros

17

Nestas accións, prodúcese o contacto da pel coas plantas e coas flores que conteñen substancias químicas naturais do grupo das lactonas, o que lle provoca unha reacción alérxica, con eritema, sarabullo e proído nas mans e nos brazos. Finalmente, diagnósticaselle dermatite alérxica de contacto por α -metileno γ -butirolactona.

A dermatite alérxica por contacto é unha enfermidade da pel, que aparece recollida no cadro de enfermidades profesionais co código 5B0112, causada por substancias de alto peso molecular de orixe vexetal.



CAUSAS

- O axente causal e o alérxeno denominado α -metileno γ -butirolactona.
- A reacción prodúcese cando a pel da traballadora entra en contacto coas plantas que conteñen o alérxeno, así como coas ferramentas ou materiais contaminados por este.
- Non utilizar os equipos de protección individual para protexer a pel.

ACCIÓNS CORRECTORAS/PREVENTIVAS

1. Manter a orde e a limpeza da zona de traballo e das ferramentas.
2. Empregar medidas de hixiene persoal e coidado da pel, separar a roupa de rúa da do traballo, sacar as luvas de forma axeitada e lavar as zonas expostas da pel.
3. Utilizar os equipos de protección individual axeitados para protexer as partes da pel expostas ao contacto: luvas, gafas, botas altas e roupa de traballo de manga longa. Mantelos en bo estado.
4. Realizar a vixilancia da saúde con recoñecementos médicos específicos en función dos riscos do posto para detectar os danos o máis axiña posible.
5. Formar e informar sobre os riscos laborais asociados aos alérxenos presentes nas plantas, a maneira de evitalos e como recoñecer os síntomas da enfermidade.

5B0112 - Enfermidade da pel por substancias de alto peso molecular de orixe animal en traballos de agricultura e silvicultura

Urticaria por contacto cos pelos da procesionaria no corte de piñeiros

18

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

A actividade da empresa é o mantemento dos piñeirais.

As tarefas principais son:

- Cortar piñeiros.
- Rozar os piñeirais.
- Aplicar fitosanitarios.

Para o desenvolvemento da actividade utilízanse: machada, rozadoira e equipos para aplicar os fitosanitarios.



DESCRICIÓN DA ENFERMIDADE PROFESIONAL

O traballador realiza as tarefas de mantemento dun piñeiral dende hai un ano. Nestas accións, prodúcese o contacto coa procesionaria que afecta aos piñeiros. As espículas ou pelos da procesionaria son transportados polo aire en forma de arpón e crávanse na pel do traballador provocándolle unha reacción alérxica con ronchas, próido e ardor, na cara e no pescozo. Finalmente, diagnósticaselle unha urticaria por contacto.

A urticaria por contacto é unha enfermidade que aparece recollida no cadro de enfermidades profesionais co código 5B0112 e que está provocada por substancias de alto peso molecular procedentes de axentes biolóxicos.

CAUSAS

- O axente causal e o verme do lepidóptero nocturno, *Thaumeatopea pityocampa*, coñecido como procesionaria do piñeiro.
- A reacción prodúcese cando as espículas ou os pelos urticantes da procesionaria do piñeiro contactan coa pel do traballador.
- Non utilizar os equipos de protección individual para protexer a pel do posible contacto coas substancias procedentes do axente biolóxico.
- Traballar con vento, xa que favorece o desprendemento das bolsas dos piñeiros ou dos pelos urticantes da procesionaria no ambiente.

**5B0112 - Enfermidade da pel por substancias de alto peso molecular de orixe animal en traballos de agricultura e silvicultura****Urticaria por contacto cos pelos da procesionaria no corte de piñeiros****18****ACCIÓNS CORRECTORAS/PREVENTIVAS**

1. Utilizar os equipos de protección individual axeitados para protexer as partes da pel expostas: luvas, fundas coa manga longa, capucha cerrada de plástico ou similar e botas de seguridade altas.
2. Evitar traballar con vento.
3. Realizar a vixilancia da saúde con recoñecementos médicos específicos en función dos riscos do posto, detectar os danos o máis axiña posible.
4. Formar e informar sobre os riscos laborais asociados ás enfermidades da pel no seu traballo, a maneira de evitalos e como recoñecer os síntomas da enfermidade.

5B0113 - Enfermidade da pel por substancias de alto peso molecular de orixe animal en traballos de apicultura

Reacción alérxica ao veneno das abellas nas tarefas dunha explotación apícola

19

DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE

Explotación apícola con 50 colmeas.

O traballador desenvolve diversas tarefas, segundo a época do ano:

- Na primavera e no verán, as tarefas principais son:
 - Subministrarlles alimento e auga ás colmeas para favorecer o seu rendemento.
 - Efectuar a multiplicación das colmeas e a renovación das raíñas para o mantemento e/ou o incremento do censo da explotación apícola.
 - Realizar a transhumancia das colmeas para situalas no lugar de destino, en función dos obxectivos previstos na explotación.
 - Controis da poboación.
 - Recolleita e extracción do mel, cera, pole e propóleos.
- No inverno ou na estación de receso, as tarefas principais son:
 - Renovación dos paneis que colonizarán as novas familias para a próxima tempada.
 - Control sanitario das colmeas para evitar as posibles enfermidades ou pragas.



DESCRICIÓN DA ENFERMIDADE PROFESIONAL

O traballador desenvolve esta actividade dende hai 10 anos. Os equipos de protección individual empregados son: sombreiro, veo e buzo, pero non utiliza luvas. Usa sempre o afumador cando vai realizar algún tipo de intervención nas colmeas.

Sufriu en repetidas ocasións picaduras de abellas nas zonas expostas da pel que lle provocaron dor, prído, eritema e edema. A última vez presentou unha reacción máis intensa na zona da picadura, unha urticaria xeneralizada e anxioedema ou inchazón das pálpebras, prído, dificultade para respirar, nerviosismo e náuseas. Finalmente, diagnósticáselle unha reacción alérxica ao veneno de abella.

A reacción alérxica ao veneno de abella é unha enfermidade profesional que aparece recollida no cadro de enfermidades profesionais co código 5B0113 e que está causada por substancias de alto peso molecular de orixe animal.

5B0113 - Enfermidade da pel por substancias de alto peso molecular de orixe animal en traballos de apicultura

Reacción alérxica ao veneno das abellas nas tarefas dunha explotación apícola

19

CAUSAS

- O axente causal é o veneno de abella.
- As picaduras repetidas das abellas nas zonas expostas da pel.
- O axuste inadecuado da roupa, o que permite a entrada das abellas.
- Non utilizar luvas.

ACCIÓNS CORRECTORAS/PREVENTIVAS

1. Utilizar sempre os equipos de protección individual axeitados para evitar as picaduras: sombreiro, veo, careta, buzo, luvas e botas.
2. As manipulacións na colmea faranse con movementos suaves.
3. No caso de que se produza unha picadura, retirarase da zona a persona afectada para evitar novos episodios.
4. Dispoñer dunha caixa de primeiros auxilios.
5. Realizar a vixilancia da saúde con recoñecementos médicos específicos en función dos riscos do posto para detectar os danos o máis axiña posible.
6. Formar e informar sobre os riscos laborais asociados ao veneno de abella no seu traballo, a maneira de evitalos e como recoñecer os síntomas da enfermidade.



Instituto Galego
de Seguridade
e Saúde Laboral



galicia

